



VIÚVAS DE VIVOS

Mónica Góñez
Universität Trier

Ás mulleres galegas que fan posible que o mar aínda exista

“As viúdas dos vivos” é un sintagma que nos remite inmediatamente á obra de Rosalía de Castro e ao século XIX. Concretamente á obra *Follas Novas*, datada no ano 1880, e á sección co mesmo nome.

Extrapolamos do seu contexto literario o seguinte poema, da autora que vimos de citar:

Tecín soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal,
soia vou por leña ó monte,
soia a vexo arder no lar.
Nin n'a fonte nin n'o prado
así morra coa carrax
el non ha de virme a erguer,
el xa non me pousará.
¡Que tristeza! O vento soa,
canta o grilo ó seu compás...
ferve o pote... mais, meu caldo,
soíña te hei de cear.
Cala rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan,
cala, grilo, que se cantas
sinto negras soidás.
O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai...
anduriña que pasache
con el as ondas d'o mar,
anduriña, voa, voa
ven e dime en onde está.

Na Galicia actual, e se damos por sentado que todos temos interiorizado

o significado de “viúva dun morto”, habería que cuestionarse a posibilidade de falar de “viúvas de vivos” e atoparlle un significado pleno e actual na sociedade galega. Utilizando como medio o texto escollido, temos que concluír que de viúvas de vivos en Galicia están os camiños cheos. Estivérono no século dezanove e seguen estándoo.

Se unha viúva, sen máis, é unha muller que perdeu o seu marido no instante da morte deste, entendemos por viúvas de vivos aquelas mulleres que compartiron a vida cunha parella, da que, malia seguir esta no mundo, xa non dispoñen.

Seguindo con este razoamento damos con tres grupos de mulleres que collen no epígrafe e que parecen corresponderse co retrato do poema:

As nais solteiras, as mulleres dos emigrantes e as mulleres dos mariñeiros.

Dos tres grupos posibles, descartamos de seguida as nais solteiras. Ademais de seren protagonistas doutra comunicación, a relación sentimental coa tal parella non está actualizada. Quero dicir, a unión entre os dous participantes da parella non está truncada por un impedimento espacial, senón que, simplemente, non existe. Con todo, insistimos en que as dificultades ás que se enfrontan todas elas non son diferentes por esta circunstancia que acabamos de recoller.

Escollemos o terceiro colectivo por proximidade persoal e por solidariedade cun grupo esquecido desde sempre. Se é certa unha frase que no libro de Manolo Rivas, *Muller no baño*, sae da boca do cura vasco, Joseba Beovide, “Hai vivos, mortos e mariñeiros”, eu diría que hai aínda as mulleres dos mariñeiros. Non quero con isto negar a dureza da vida dos mariñeiros, senón reclamar atención para a nada fácil vida das súas mulleres.

O feito de ter atopado no porto de Hamburgo, un porto que moitos considerarían galego, unha escultura dunha muller que agarda, decidíume a falar delas. A muller de pedra que agarda en Hamburgo nunha espera quizais eterna, é tamén, ao meu ver, unha das viúvas de vivos de Rosalía. No seu lado posterior pode lerse o seguinte texto: “O eterno mar, os barcos que deixaron de selo e os que son só homes e non coñecerán un só día máis.” (Joseph Conrad)

Cinguireime neste traballo ás mulleres dos mariñeiros de altura, aqueles que pasan entre dez e vinte días seguidos no mar, xa que son elas o exemplo máis extremo de muller que espera, malia compartiren coas mulleres dos mariñeiros de baixura, aqueles que van e volven no mesmo día, moitas dificultades vitais.

Pola forma de vivir das mulleres dos mariñeiros de altura indaguei en pequenas comunidades mariñeiras, onde todos os individuos da colectividade se coñecían entre si. Entre as afirmacións recollidas entre a xente de máis idade destacan pola súa dureza aquelas que din que toda muller de mariñeiro é unha viúva mentres duran as singraduras que configuran a estancia enriba dos golpes de mar. Mentres o barco non se avista ao lonxe, mentres non entra en porto, mentres tanto, a muller dun mariñeiro non pode poñer a man no lume pola vida do seu home.

Ata tal extremo se pode levar o referido argumento que atopei quen considerase oportuno vestir de loito mentres o mariñeiro non chegase a terra.

Aínda así, tales afirmacións viñeron sempre, como xa dixeran, de parte de membros de idade avanzada cunha concepción do respecto que xa non encaixa na sociedade actual. Hoxe por hoxe, vestir de loito por un home vivo, por máis que os riscos no mar non minguaron co paso do tempo, sería máis un mal agoiro ca un sinal de respecto.

A ollos da comunidade

Sabendo que os baremos teñen diferente intensidade e que se relaxan día a día, máis lentamente sempre canto máis pequena a comunidade, os comportamentos da muller soa irían desde o máis liberal e moderno mantemento dos seus costumes ata o outro extremo, máis tradicional, no que se paraliza a vida social durante a temporada que o mariñeiro pasa fóra do seu fogar.

No primeiro caso, e dado que na muller recae tamén a responsabilidade de manter a honra da familia, non mudar os costumes é motivo de críticas por parte dos membros da comunidade. As saídas con amigos, nocturnas ou festivas, son frecuentemente consideradas como unha mostra de pouco respecto polo marido, que encerrado no barco non pode, mesmo que quixese facelo, gozar dos praceres dos que a súa muller usa. Por suposto, as maiores detractoras deste comportamento son aquelas mulleres que, estando na mesma situación, non se comportan igual. Que sexan elas as máis efectivas controladoras do grupo do que forman parte pode interpretarse como envexa e frustración, derivada dunha incapacidade persoal para comportarse do modo que intimamente desexan, polo que criticando o facer alleo estarían autoexplicando o comportamento propio e convencéndose de que son elas as que actúan ben. Non se exclúe, en ningún caso, que tales críticas poidan deberse a que baixo a súa perspectiva consideran esta actuación realmente incorrecta.

Do outro lado, e non con menos frecuencia, estarían as mulleres que, despois de que o home sae para o mar, restrinxen as súas saídas a aquelas por motivos de traballo, ás visitas á casa da nai e á igrexa. Na maioría das ocasións este comportamento é considerado natural e non se ve como un problema. O non ter ganas de troula sen o marido é a explicación máis repetida.

Con contadas excepcións, esta é a única opción para aquelas mulleres que viven no primitivo núcleo familiar do seu marido, isto é, na casa dos sogros. Neste caso, a sogra vaise erixir en controladora do comportamento da súa nora e, dado que calquera desviación sería interpretada como falta de respecto, falta de cariño ou mesmo desexos de relacionarse con outros homes, este grupo vai ser o que teña unha vida máis difícil en ausencia dos seus mariñeiros.

De portas para dentro

Igual ca unha auténtica viúva, de portas para dentro as mulleres dos mariñeiros téñense que enfrontar a unha vida de soidade na que todas as cargas familiares repousan sobre elas. Papeis, fillos, gando ou terras, se os houbese, e preocupacións son agora responsabilidades súas.

E a diferenza do que acontece coas viúvas de morto, a sociedade non apoia a aquel colectivo como o fai con este, xa que se entende que a separación do home é unha realidade transitoria.

Polo mesmo, correspóndelle a ela sacar a casa adiante e educar os fillos. Hai que ter en conta que mesmo nos días nos que os homes están na casa non pode deixar de facerse cargo. Como eles mesmos afirman, o tempo coa familia é para descansar e non se quere saber de problemas, se acaso facerse cargo das novidades que puidese haber desde a última estancia e darse por informado.

O problema está en equilibrar esta *desgana* coa necesidade de sentiren que a súa autoridade segue presente na casa. E aquí entra un dos problemas máis cotiáns: a educación dos fillos. Se ben é certo que é a nai, por ser a maioría do tempo a única figura que representa a disciplina na casa, quen dirixe as súas vidas, o pai vai mudar algúns dos hábitos displinarios durante a súa estancia, coa fin de autoafianzarse no papel de cabeza de familia. Deste modo, e aínda que non presupoñemos consciencia no comportamento, os días nos que o pai está na casa son un desfacer constante da educación que a nai transmite aos fillos mentres está soa.

Por suposto, a muller ha ser responsabilizada de calquera problema relacionado con eles, xa que, desde unha perspectiva xeralmente masculina, os rapaces non poden medrar sen a figura autoritaria do pai, que lles imporía un respecto que na súa ausencia non tiveron. É a presuposta debilidade de carácter da muller a culpable dos desvíos dos fillos, e nunca as contradicións á autoridade da nai nas que o pai incorre nunha tentativa de gañar os favores dos fillos no escaso tempo que para eles ten.

O escaseza de tempo para ela ha verse equilibrado coa xubilación do mariñeiro, momento no que se agarda facer todo aquilo que a separación laboral foi deixando quedar durante anos.

Sinalaremos por último neste apartado que, dado que o traballo feminino na casa, ao non estar remunerado, non está valorizado, son frecuentes as alusións a que o único que se esforza é o home. A súa muller debe entendela nos momentos de tensión e servir quizais de psicóloga dos problemas da súa parella, mentres que os problemas propios son acalados e solucionados en soidade. Para ela, por suposto, non existen os días de descanso.

Na soidade da noite

A ausencia da parella é máis difícil de levar en datas sinaladas (Nadal, aniversarios...) ou cando se teñen problemas, momentos nos que se nota maiormente a falta de soporte afectivo.

E nestes, o máis duro son as noites, cando o recordo se fai máis intenso e a ausencia colle forza. É entón cando ás carencias afectivas hai que engadir as carencias sexuais.

Ninguén ha negar que a insatisfacción sexual é a norma na vida de parella onde o home pasa longas tempadas no mar. Unha realidade á que lle hai que buscar saída sen romper coas normas da comunidade, xa que, aínda tendo presentes as infidelidades, o máis normal é o recurso á fidelidade á parella.

Se temos en conta que moitas destas mulleres viven nas casas dos seus sogros, esta última alternativa é a única posible. Adaptarse á (in)frecuencia sexual é a opción á que se acollen, pois.

Esta circunstancia debeu ser un grande problema nos tempos xa non tan actuais da mercante e dos conxeladores nas Costas de África, cando o home botaba fóra ata dous anos.

Moitas mulleres quedaron por entón preñadas sen posibilidade de comunicarllelo aos seus homes, atopando estes á súa volta un fillo máis. A modo de anécdota anotamos aquí que son frecuentes nas pequenas comunidades de mariñeiros as historias de fillos alleos que pasaron por propios, alegando as nais problemas de xigantismo ou raquitismo como explicación á idade dos pequenos, que había que cadrar coas mareas. Outro cantar sería desde a perspectiva masculina, na que os contactos fóra do matrimonio están por veces consentidos socialmente ao entenderse unha necesidade intrínseca ou hixiénica e que, en calquera caso, non poden levar nunca a un aumento da familia a menos que se fagan responsables.

Tampouco era raro que os nenos perdesen a consciencia da existencia dun pai e que este tivese que afrontar a dura proba de comprobar que os seus fillos non o recoñecían.

Nestes casos, á frustración sexual da parella había que engadirlle que despois deste tempo os cónxuxes pasaban a ser case descoñecidos e a convivencia posterior podía ser moi difícil.

Ou ao revés, ao afacérense á infrecuencia no trato os problemas virían despois, coa xubilación ou cambio de traballo, o que provocou que moitas parellas non fosen reais e que o cambio de situación e o maior contacto cotián levase á separación.

Entón,

sen negar nunca as moitas dificultades ás que teñen que facer fronte os mariñeiros, tanto no seu traballo como na situación familiar que este provoca, quixemos anotar aquí o lado máis esquecido desta vida, o que queda atrapado entre as paredes da casa e raramente está dotado de voz propia. A voz das que agardan nos portos e fan que chegar sexa un mundo.

Góñez, Mónica. "Viúvas de vivos". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Ediciós do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

